




DE SANXENXO A AREAS

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 7,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa



Aproveitamos unha boa marea baixa para achegarnos a Sanxenxo e poder percorrer o litoral menos coñecido e menos visitado da súa contorna, para coñecer praias urbanas, sen apenas acceso ou pouco sinalizadas, comestas polos edificios ata máis alá da liña da marea, e zonas rochosas nas que valos de varios metros de altura, que se asentan en pedras que cubre o mar, sosteñen recheos de xardíns privados. Un paseo por un espazo en gran parte privatizado e irrecuperable para o uso público.

PERCORRIDO

O percorrido hai que facelo coa marea baixa para poder pasar dunha praia á outra rodeando os saíntes rochosos sen necesidade de ter que andar a baixar ás praias desde a estrada e volver a subir a ela cada pouco.

Comezamos no **porto deportivo** e camiñamos polo paseo voado sobre a **praia dos Barcos** para chegar á **praia de Panadeiras** con pouco acceso público e varios privados polos que está prohibido o paso, cruzando un pequeno xardín, público, pasamos á **praia de Lavapanos**, nas mesmas condicións que a anterior, e rodeando a punta Estuados a da **Carabuxeira**. No remate desta praia podemos decidir se subir á estrada para pasar polo **miradoiro de Palacios** ou dobrar o saínte rochoso para acceder a un pequeno areal desde o que se pasa á **praia de Barreiros**. Rodeando a **punta de Barreiros** chegamos á **praia de Nanín** que está ao pé da estrada pero ten un acceso escaso e é case imposible aparcар preto. Da praia de Nanín, rodeando a **punta de Sartaxes**, pasamos á de **Areas**, a máis grande e máis natural, que aínda conserva parte do seu sistema dunar, para chegar ao **illote de Areas** e ao miradoiro de **punta Festiñazo** onde rematamos completando un traxecto de case 4 km nun par de horas

A volta pola beira da estrada é máis doada e máis rápida son 3,5 km e fanse, sen apurar moito, en menos que na metade do tempo.

Ir máis alá da punta Festiñazo non é doado nin aconsellable porque a verticalidade das rochas fai moi difícil seguir por elas e a pendente do bosque, descoidado, tampouco facilita as cousas. O acceso aos pequenos areas que hai de aquí en diante está sinalizado desde a estrada, pero hai que facelo por estradiñas estreitas e sen sitio para deixar o coche.



Praia de Silgar. Areal urbano de 750 m de lonxitude.



Praia dos Barcos. Porto deportivo.



Praia da Panadeira



Praia de Lavapanos



Praia da Carabuxeira



Praia e punta de Barreiros



Vista de Sanxenxo desde o miradoiro de Palacios



Praia de Nanín



Punta Sartaxes



Rochas na praia de Areas



Rego de Dorrón, na praia de Areas



Praia de Areas, de 600 m de lonxitude



Illote de Areas ou do Laño



Praia Area dos Mortos



Punta de Festiñanzo





Vistas aéreas da costa
de Sanxenxo a Areas



Ondas na
praia de Areas